



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2015

Na dependencia habilitada na Casa da Cultura de Chantada como salón de sesións do Concello, o día vinte e nove de setembro de dous mil quince, ás vinte horas, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria debidamente convocada para ditos día e hora.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez (Grupo de INTA).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal de INTA:** D. José Castor Novoa Fernández, Dna. M<sup>a</sup> Cándida Carnero Blanco. D. Manuel Diéguez Carballo, Dna. Pamela Fernández Águila, D. Diego Otero Veiga, D. Juan Alberto Diéguez Fernández

**Grupo Municipal Socialista:** Dna. Raquel López Rodríguez, Dna. María Jesús Rodríguez López, D. Héctor Ledo Rodríguez.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** D. Francisco Javier Rodríguez Medela, D.Manuel Javier Goyanes Cereijo.

**Grupo municipal de Por Chantada-CUP):** D.Antón Fente Parada.

**Interventor:** D. José Ferreiro Fernández. Está tamén presente a administrativa da área económica e Recadadora municipal, Dna. Susana Martínez Rodríguez.

**Secretario:** D. Jose María Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar o único asunto da ORDE DO DÍA.

### CONTA XERAL DE 2014.

Vista a documentación da Conta Xeral de 2014 do Concello de Chantada, formada por Intervención e informada en sentido favorable pola Comisión Especial de Contas o 21 de agosto de 2015, cuxa exposición pública por prazo de 15 días -con oito máis para reclamacións, reparos ou observacións- foi anunciada no B.O.P. de Lugo nº 201, do 02/09/2015, O PLENO DO CONCELLO adopta, por sete votos a favor (Grupo de INTA), catro votos en contra (Grupos Socialista e Por Chantada-CUP) e dúas abstencións (Grupo do PP), o seguinte

### ACORDO

APROBAR A CONTA XERAL DE 2014 do Concello de Chantada, que ten as seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 29.491.786,35 €.
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 797.420,24 €.
- Resultado orzamentario: -787.378,88 € (Dereitos recoñecidos netos/5.414.655,33 €/ menos Obrigas recoñecidas netas /6.198.034,21 €).
- Resultado orzamentario axustado (axustes por gastos financiados con remanente de tesourería e polas desviacións de financiamento): -424.910,79 €.
- Remanente de tesourería total: 1.807.314,86 €.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

- Remanente de tesourería para gastos xerais (minorado o anterior cos saldos de dubidoso cobro): 498.174,26 €.

(A aprobación faise no prazo previsto no art.212.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, e deberá ser remitida aos órganos de control externo (Tribunal de Cuentas e Consello de Contas de Galicia) no prazo regulamentario).

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que toma como leitmotiv da súa intervención a novela de Torrente Ballester “La saga/fuga de J.B.”, onde está aquilo de “veciños, roubaron o corpo santo”. Un membro da súa candidatura dixo que o Concello desapareceu igual que Castroforte de Baralla. É incapaz de dinamizar o municipio, diágnose corroborada cos números. Non me estraña que rexeitase a participación veciñal. Non recibimos respostas ás preguntas formuladas no Pleno de xullo e co gallo da Conta Xeral. Vense coa Conta Xeral como sen importancia, cando por exemplo hai unha partida con cero euros que debía ter unha cantidade. As contas son mellorables técnica e politicamente. É mala fe falar de herdanzas, cando o Alcalde deixou tanto da súa etapa no PP. Seis millóns novecentos mil euros son imputables a once anos de Manuel Varela no PP, que catro anos despois tivo mellor herdanza. Volveu con catro millóns de euros, e agora está en catro millóns vinte e sete mil. É moito o gasto en débeda pública e en persoal. De dez euros, sete son para bancos, concesións e hipertrofia funcional. Segue coa analoxía do corpo santo. Dá cifras de gastos de 2014, que compara con 2015. Di que neste ano, a música é a mesma, non hai aforro precisamente. Dá datos da débeda viva, da que só unha parte é do plan de pago a provedores. Esta é a política de farolas e cemento. Cada vez hai menos traballo e máis ruín. Lembra a sonata de cando arde a biblioteca, no libro de Vicente Risco “O porco de pé”. Le cousas sobre incremento de ingresos. Mantense Adeslas. Hai contratos nos que non se cumpren as normas. 4.224,16 euros de aforro no segundo trimestre, vaia chea. Corrixan a súa economía do funil para 2016. O corpo santo debe andar polo Santander, BBVA ou Abanca. A débeda xera máis débeda. Non escatimar en gasto social para recuperar o corpo santo. Inventaron que fan ingresar máis do previsto, todo un logro de enxeñería financeira. Faga orzamentos participativos. Critica tamén o gasto público do Estado. O Alcalde ten que escoller entre seguir a liña do PP ou rachar dende o grupo independente no que está. Póñase a traballar por Chantada e pola súa xente.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que di que manteñen o sentido do voto da Comisión informativa.

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que felicita a D. Antón Fente pola súa intervención. Sumámonos á queixa de que nons se contestasen as preguntas. Xa votamos en contra dos orzamentos e seguimos en contra dun Concello que só cobre persoal e débedas. Ademais, hai unha manipulación do plan de axuste, que non se cumpre e emprégase á conveniencia para non investir e para non baixar impostos. Onde están as ordenanzas previstas, a redución de gastos de formación e en Adeslas, o reagrupamento de contratos menores, e un longo etcétera. Hai cousas no informe que son imposibles de determinar. É unha xestión a cegas, para que fixemos o plan de axuste? Cita o Faro de Vigo do 16 de agosto, cunha lista na que Chantada ocupa o posto douscentos e pico dos cincocentos Concellos máis morosos do Estado. Non culpe ao bipartito de todo, que só foron catro anos. Antes xa estivo vostede.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di que agradece as intervencións habidas. O Grupo de goberno mantén o seu sentido de voto da Comisión. Contestar é complicado. A débeda viva inclúe o anticipo de tesourería. Para facer o resumo de 2014, se nos remontamos a 2009, non se entende. Se somos capaces de amortizar 400.000 euros ao ano, ao final do mandato case non haberá débeda.

Do Sr.Interventor, que di que o do Faro de Vigo é conxuntural, en pouco tempo estaremos nos 30 días, hai un esforzo nese sentido. O plan de axuste foi froito da conxuntura, con regras que nos deron cousas para cubrir o expediente nos casos de plan de axuste. Vexo un nivel de discusión admirable. O plan de axuste hai que axustalo á realidade. Hai control do gasto, xa non hai gastos médicos. Estamos aí, igual que no da Recadación. Para información, estamos á súa disposición.

Do Sr.Alcalde, que di que o plan de axuste hai que acatalo. A amortización voluntaria foi para saír do plan de axuste.

Da funcionaria tamén presente, que di que o plan de axuste foi feito sobre un funcinamento acumulativo, xa había medidas de antes.

Finalmente Dna. Raquel López Rodríguez pregunta sobre previsión de data para o orzamento. Alcalde, Interventor e Secretario remítense ao pleno ordinario de novembro.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e trinta e oito minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,

Manuel L. Varela Rguez.

